



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela



PROXECTO EDUCATIVO

Versión revisada 1.2

Aprobada polo consello escolar e o claustro en sesións de 19/11/2019

ÍNDICE

0. Introducción

0.1. A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

1. Descrición do contorno social, cultural e económico.

1.1. Santiago de Compostela

1.1.1. Sociedade e economía

1.1.2. Cultura

1.1.2.1. Espazos culturais

1.1.2.2. Programas culturais municipais

1.1.2.3. Centros socioculturais

1.1.2.4. Bilbiotecas

1.2. Negreira

1.2.1. Características xeográficas

1.2.1.1. Poboación

1.2.1.3. Clima e bioxeografía

1.2.1.4. Comunicaci3ns

1.2.2. Características económicas

1.2.2.1. Introduci3n

1.2.2.2. Agricultura

1.2.2.3. Gandaría

1.2.2.4. Forestal

1.2.2.5. Industria

1.2.2.6. Comercio

1.2.3. Sinopse histórica

1.3. Noia

1.3.1. Sociedade e economía

1.3.2. Cultura

1.3.2.1. Espazos culturais

1.3.2.2. Programas culturais municipais

1.3.2.3. Centros socioculturais

1.3.2.4. Bilbiotecas

1.4. Ordes

1.4.1. Controno no que se atopa o centro

1.4.2. Economía

1.5. Ribeira

1.5.1. Sociedade e economía

1.5.2. Cultura

1.5.2.1. Espazos culturais

1.5.2.2. Programas culturais municipais

1.5.2.3. Centros socioculturais

1.5.2.4. Bilbiotecas

2. Obxectivos da escola para dar resposta ás necesidades do seu contorno, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da escola, e as prioridades de actuación.

3. Medidas e recursos de organización e xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.

4. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos

5. Oferta formativa

5.1. Cursos ordinarios

5.2. Cursos de actualización e especialización para o profesorado

5.3. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral

5.4. Ensinanza semipresencial

5.5. Cursos de verán

5.6. Alumnado libre

5.7. Validez das titulacións da EOI

6. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.

7. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.

7.1 Elaboración

7.2 Seguimento

8. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e promoción de idiomas.

9. Directrices xerais para o funcionamento adecuado das titorías

10. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación

11. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola

0. Introducción

Este proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación a medio prazo que ten en conta as características do contorno social, cultural e económico en que está situada a Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Santiago de Compostela, incluídas as súas seccións.

O obxectivo deste documento é amosar as características singulares do noso centro, contextualizar as súas actuacións e establecer mecanismos de coordinación e actuación pedagóxica para asegurar que se satisfagan as necesidades de aprendizaxe de idiomas das e dos seus usuarios. Asemade, define os obxectivos particulares que a EOI se propón acadar, partindo da súa realidade e tomando como referencia a [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(LOE\)](#), de 3 de maio, de educación e o [Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu desenvolvemento, recollido na [Orde do 5 de agosto de 2011](#).

O Proxecto Educativo da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela baséase nos principios de non-discriminación e multiculturalidade como valores fundamentais das escolas oficiais de idiomas, expón os sinais de identidade da escola e explicita o ensino que desexa e vai desenvolver e os obxectivos e prioridades de actuación, moi especialmente aqueles que fan do noso centro e as súas seccións elementos dinamizadores das zonas onde están situadas.

0.1. A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(LOE\)](#).

A nosa finalidade é capacitar o noso alumnado, maioritariamente adulto, para o uso efectivo das linguas que impartimos e mais acreditar a súa competencia nas mesmas, co obxectivo de fomentar o plurilingüismo entre a poboación, a aprendizaxe e formación permanentes e o respecto e recoñecemento da diversidade lingüística e cultural.

A súa organización e funcionamento recóllese no Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia que establece o [Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), desenvolvido pola [Orde do 5 de agosto de 2011](#), e concretanse nas Normas de organización e funcionamento do centro.

A EOI de Santiago de Compostela, xunto coas demais escolas oficiais de idiomas galegas, pertence á [Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de](#)

[Galicia](#) e fai parte da rede de [EOI de todo o Estado](#).

O noso centro foi creado ao abeiro do [Decreto 104/2001, do 3 de maio](#), e comezou a súa andaina no curso académico 2001/2002, atendendo á gran demanda que existía na sociedade compostelá e na súa comarca. Alén da sede central en Santiago (Vite), onde se imparten ensinanzas de alemán, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano e portugués, conta con cinco extensións: Santiago (Sar), Negreira, Ribeira e Ordes, nas que se pode estudar inglés, e Noia, onde se poden cursar ensinanzas de francés e inglés.

A sede central da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela atópase no barrio de Vite, na rúa Ulpiano Villanueva, nun edificio inaugurado oficialmente no mes de xullo de 2002. Está situada á beira do campus norte da Universidade de Santiago de Compostela, preto das facultades de Ciencias da Información, Filoloxía e Ciencias Económicas e Empresariais, así como do Auditorio de Galicia. Esta é unha zona de nivel económico medio-baixo, en que cabe destacar unha importante concentración de vivendas de protección oficial e a abundante presenza de estudantes universitarios.

A sede central da escola está situada nun edificio de tres andares, e conta cun aparcadoiro privado na súa parte traseira. Accédese a ela desde un pequeno aparcadoiro para o alumnado e conta actualmente con tres prazas de aparcamento para persoas con discapacidade e unha rampla. Entrou en funcionamento no ano 2006 un aparcadoiro dentro do recinto do edificio de 30 prazas para o profesorado, persoal de administración e servizos. En 2007 practicóuselle unha mellora importante no eido da eliminación de barreiras arquitectónicas, pois construíuse unha rampla que lles permite ás persoas con discapacidade o acceso desde o aparcadoiro privado do centro se así o solicitaren. Existen dúas escaleiras interiores a ambos os lados do edificio e un ascensor para acceder aos andares superiores. Cada planta conta con baños separados para homes e mulleres. Ten un total de 14 aulas mais un salón de actos e un antigo laboratorio de idiomas que tamén se empregan para a actividade docente; unha biblioteca; unha sala de lectura; unha sala de recursos; unha sala-cociña para o persoal; 3 espazos onde se sitúan os diferentes departamentos didácticos; un despacho de dirección; un despacho compartido pola vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría; oficinas administrativas e conserxaría. O espazo para almacenaxe redúcese ao oco embaixo da escaleira na planta baixa.

1. Descrición do contorno social, cultural e económico.

1.1. Santiago de Compostela

1.1.1. Sociedade e economía

O concello de Santiago de Compostela sobrepasa os 96.000 habitantes, ten 223 km² e é cabeceira da comarca que leva o seu mesmo nome. Oficialmente, esta abrangue os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, cunha

poboación total de preto de 166.000 habitantes segundo as cifras oficiais do padrón de 2018, aínda que Santiago é a cidade de referencia para moitos outros concellos do seu ámbito de influencia.

Santiago de Compostela, capital de Galicia e sede das súas institucións de autogoberno, foi declarada cidade Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO debido á súa beleza urbana, á súa integridade monumental e ao feito de ser destino do movemento relixioso e cultural europeo máis importante desde a Idade Media: a peregrinaxe polo Camiño de Santiago.

Os cinco piares básicos da actividade socio-económica de Santiago son o político-administrativo, como sede das institucións do autogoberno de Galicia; o educativo, polo peso da Universidade de Santiago de Compostela; o sanitario, debido á importancia do amplo complexo de saúde vinculado á Facultade de Medicina; o turístico e cultural, que sostén o dinamismo da hostalaría e a restauración; e o comercial, como cabeceira de consumo dunha ampla comarca, que sobarda os seus propios límites.

Así pois, o sector dos servizos configúrase como o eixo central da actividade socio-económica da cidade (35% do emprego xerado) de Compostela, que tamén conta cun exíguo complexo industrial (2,8%), onde destacan as actividades de transformación da madeira e das tecnoloxías da información e a comunicación, e a construción (1,5%).

A crise económica ten tido un grande impacto na economía local, na destrución de postos de traballo así como nos cortes continuados dos servizos públicos. Sen dúbida, á beira destes, o problema máis grave, como no resto do país, continúa situado no alto nivel de desemprego, dun actual 12% (aínda que moi lonxe do bico máximo que acadou en 2012, dun 21%), o que a converte na cidade galega de máis de corenta mil habitantes con menor índice de desemprego. (Galicia: 11,5%, España: 14,2%, Unión Europea: 6,3%). [Datos da Enquisa de Poboación Activa e Eurostat de outubro de 2019].

[Nesta ligazón](#) pódense consultar todos os datos socio-económicos do concello.

Santiago de Compostela acubilla o aeroporto central de Galicia, Labacolla, e tamén conta con comunicacións por ferrocarril e estrada con diferentes puntos do país, o Estado e Europa, aínda que a oferta global semella insuficiente e segue minguando.

Consonte as características socio-económicas da poboación do concello de Santiago e a súa comarca, o noso alumnado componse principalmente de estudantes universitarios, funcionarios docentes e da administración xeral e de corpos especiais, profesionais do sector servizos e desempregados.

1.1.2. Cultura

A aposta que as institucións locais e galegas fixeron por Santiago como capital cultural

consolidou unha importante oferta en torno ás industrias culturais e o fomento da colaboración estábel cos axentes culturais que conforman a cultura de base da cidade (como son entidades culturais, salas alternativas, creadores e promotores, entre outros).

1.1.2.1 Espazos culturais

En Santiago viron a luz os primeiros grandes espazos culturais de Galicia como o Auditorio de Galicia, os teatros, o Pazo de congresos, o Pavillón Multiusos do Sar ou a Cidade da Cultura. A cidade goza dunha dotación de infraestruturas especializadas para a actividade cultural, da posta de marcha de salas e galerías de iniciativa privada e dunha das meirandes redes de centros socioculturais de barrios, creada para a deslocalización dos eventos e para contribuír a garantir a posibilidade de acceso da cultura de toda a cidadanía.

A oferta cultural de Santiago é ampla e variada, baseada na singularidade e diferenciación mais tamén cunha decidida intención de proxección exterior da cidade de xeito que se converte no paradigma de Galicia. Isto é posible pola multiplicidade de edificios e espazos dos que dispón a cidade para acubillar espectáculos de variado formato que, á súa vez, inciden na creación de públicos.

Esta diversidade de espazos é necesaria para abranguer unha oferta cultural desenvolvida que atende ás demandas tanto de creadores como de públicos en canto á presentación de espectáculos, mostras ou ciclos. Deste xeito, ofrécese a posibilidade de encaixar calquera produción artística nalgún destes colectores culturais, tanto as destinadas a un público maioritario como as concibidas para un grupo escollido de receptores, garantindo a pluralidade da oferta co fin de satisfacer a demanda de enriquecer o coñecemento.

Galerías: Auriol Arte, C5 Colección, DF Arte Contemporánea, C5 Colección, Durán, Espacio 48, Galería Citania, Galería Eme-C, Galería José Lorenzo, Galería José Lorenzo 2, Galería La Campana, Galería Paloma Pintos, Galería Sargadelos, Galería SCQ, Galería Trinta, JVG Espacio Arte, Sol & Bartolomé

Principais museos: Casa-museo da Troia, Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Fundación Eugenio Granell, Museo da arte sacra de San Paio de Antealtares, Museo das peregrinacións, Museo de historia natural "Luís Iglesias", Museo do Pobo Galego, Museo e tesouro da catedral, Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

Salas de exposicións: Auditorio de Galicia, Sala de exposicións da Fundación Novacaixagalicia, Casa da Conga, Casa da Parra, Colexio de Fonseca, Hostal dos Reis Católicos, Igrexa da Compañía (Universidade), Igrexa San Domingos do Bonaval, Pavillón de Galicia, Sala Fundación Araganey, San Martiño Pinario, Teatro Principal.

1.1.2.2. Programas culturais municipais: Cineuropa, Curtocircuíto, Ciclo de Lied, De Lugares e Órganos, Xornadas de Música Contemporánea, Ciclo de Piano Ángel Brage, ademais da programación estable de Música, Artes Escénicas, Infantil&Familiar, Artes Visuais e Didáctica.

1.1.2.3. Centros socioculturais: A cidade dispón de preto de 40 centros socioculturais repartidos por todo o territorio municipal nos que se desenvolven actividades como exposicións, conferencias, teatro, danza e obradoiros de tempo libre. Debido á interesada deslocalización e á multiplicidade da oferta cultural prodúcese unha meirande implicación dos destinatarios no deseño da programación, que conciben como máis achegada aos seus intereses.

A programación dos centros socioculturais, que acada os 180.000 usuarios anuais, é un necesario complemento dos eventos de gran formato que se exhiben a través doutros canles. Albergan tamén unha rede de bibliotecas municipais.

1.1.2.4. Bibliotecas: Santiago conta cunha ampla rede de bibliotecas, tanto de pequeno e medio tamaño (centros socioculturais, centros de ensino, etc) como de grande dimensión e importancia, tales como a Biblioteca Pública Ánxel Casal, a Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura e, a máis destacada de todas elas, a Biblioteca Universitaria.

1.2. Negreira

1.2.1. Características xeográficas

1.2.1.1. Poboación

Negreira é un concello da provincia da Coruña a tan só 20 Km da capitalidade de Galicia – Santiago de Compostela, que ten 115 Km² e 6.877 habitantes, distribuídos nas parroquias de Albite, Aro, Arzón, Broño, Bugallido, Campelo, Campolongo, Covas, Gonte, Landeira, Liñaio, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas.

O conxunto da comarca de Barcala (Negreira e A Baña) suma 10.382 (12.543 en 2011) habitantes. A situación demográfica de Negreira non é optimista, coma no conxunto de Galicia. O crecemento natural non é o suficientemente importante como para xerar una satisfactoria rexeneración demográfica. O avellamento poboacional é cada vez maior. Ademais, hai que aludir á emigración de xente moza cara a núcleos urbanos nos que a oferta de traballo é de maior especialización e diversidade.

O cese do despoboamento rural e o futuro crecemento demográfico de Negreira dependerá máis da emigración de retorno e da contraurbanización que da vitalidade natural dunha poboación avellentada, incapaz de substituír con nacementos ás persoas que falecen.

Outra característica reseñábel é o cativo proceso de urbanización da poboación, que apenas aumentou nos últimos 40 anos (no 1960 na vila concentrábanse 1.160 persoas e no 1996, 1.986 habitantes).

1.2.1.2. Clima e bioxeografía

O Val de Barcala coñece no seu conxunto un clima temperado (entre 150 e 275 días libres de xeadas ó ano) e húmido (con precipitacións que poden superar os 2.000 mm. anuais).

A humidade reinante propicia, na zona montañosa, a repoboación con especies alóctonas (piñeiro e eucalipto), de altos rendementos forestais.

O clima temperado, unido á humidade, ofrece nos vales excelentes condicións para o desenvolvemento de actividades agropecuarias: millo, forraxe e prados. Estes últimos fóronse ampliando a partires da década dos anos 60, coa orientación leiteira das explotacións gandeiras.

1.2.1.3. Comunicaci3ns

Hai que diferenciar dous tipos de tramas viarias: as internas, que cobren as necesidades locais entre a vila e as parroquias rurais, e aqueles nós de comunicaci3n que permiten o enlace cos concellos limítrofes e cidades galegas.

O primeiro nivel caracterízase por un complexo ensarillado de pistas e estradas, que teñen como fin unir os núcleos de poboaci3n e p3r en contacto as diferentes vivendas coas explotacións agrarias. Son estradas de segunda e terceira orde, con baixa densidade de tráfico. Na práctica totalidade destas vías xeralizouse a cuberta asfáltica.

No segundo nivel, o acceso á capitalidade de Galicia e Padr3n realízase a través da estrada mais importante, recentemente mellorada. Na direcci3n contraria bifúrcase a Muxía e Santa Comba. De Negreira parten ademais tres rotas de interese: cara a Urdilde-Noia (a través da Ponte Insua), cara a Outes (unha pola Ponte Nafonso e outra pola Pesadoira).

Ademais do servizo de taxis, hai un servizo diario de autobuses con Santiago de Compostela, Santa Comba, Ames, Bugallido, Bri3n, Outes e Muxía.

O aeroporto de Labacolla (33 K.) e a estaci3n de ferrocarril de Santiago de Compostela (20 Km.) dotan a Negreira dos servizos máis pr3ximos de avi3n e tren.

1.2.2. Características económicas

1.2.2.1. Introducci3n

Negreira forma parte dunha bisbarra eminentemente rural. A agricultura, a gandaría e o comercio son as súas principais fontes de riqueza. As remesas dos emigrantes, a man de obra na construcci3n, pequenos talleres e una factoría de agroindustria – A Cooperativa Feiraco – completan os fios do seu tecido económico.

1.2.2.2. Agricultura

O conxunto barcalés participa de moitas das características que condicionan esta actividade

económica en Galicia: minifundios en propiedade, cun alto grao de parcelación. Porén, a zona viuse beneficiada polo seu carácter de pioneira na posta en marcha de Concentración Parcelaria e na apertura da primeira axencia comarcal do Servizo de Extensión Agraria.

Os cultivos dominantes son os do tipo “forraxeiro atlántico,” baseados principalmente no millo, as pradarías e as patacas. En paralelo á introdución de novos cultivos, incrementouse ao máximo a utilización de maquinaria agrícola.

A superficie agraria utilizada representa o 27,7% da extensión do municipio, unhas 1.552 Ha. A extensión media das explotacións acada as 5,82 Ha.

1.2.2.3. Gandaría

O proceso de modernización agrícola viuse acompañado dun cambio na natureza e orientación da cabana gandeira, onde o vacún é de claro predominio, coa introdución de gando frisón de altos rendementos lácteos.

Nos últimos tempos, debido ós problemas de superproducción láctea na UE, hai explotacións que volven centrarse no gando de produción cárnica, tradicionalmente importante na zona.

E non para a tendencia á desaparición de cativas explotacións leiteiras, con baixa actividade ou sen sucesores, hoxe inviábeis.

1.2.2.4. Forestal

Esta actividade, que mima sobre todo a produción de piñeiros e eucaliptos, ademais de ofrecer unha certa recuperación das especies autóctonas nos últimos anos, significa un ingreso complementario na vida do agricultor, auxiliar do primordial: a produción gandeira. A masa arbórea ocupa a maior porcentaxe da superficie do municipio (66,8%).

A recente apertura de pistas facilita os labores forestais, e a pendente realización da Concentración Parcelaria nas fincas do monte, constitúe unha demanda importante.

1.2.2.5. Industria

Exceptuando FEIRACO, o desenvolvemento do sector industrial foi até o momento baixo e de escasa importancia. A comarca é unha área de recrutamento para o sector da construción e servizos da capitalidade municipal e, sobre todo, en Santiago e periferia. Outra man de obra industrial achega o seu traballo en fábricas doutros países americanos e europeos onde a nosa xente emigrou e emigra.

A Cooperativa Forrajera de Negreira – FEIRACO -, que cumpriu recentemente o 30 aniversario, conta con 9.000 socios e un cadro de persoal de 245 traballadores. A facturación anual é de 12.000 millóns das antigas pesetas. É una das industrias agro-alimentarias máis importantes do país. O seu radio de acción chega a moitos mercados de España e Portugal.

Feiraco, ademais dos derivados lácteos (leite envasado e iogur), comercializa pensos compostos, abonos, semente, e produtos fitosanitarios. Tamén presta aos seus socios os seguintes servizos: gasóleo, economato, asesoramento fiscal, cursiños, servizos veterinarios, etc. E exerce una labor de mecenado cultural a través da Fundación Feiraco.

A empresa recentemente puxo en marcha una liña económica dedicada á carne de vacún, unha moderna depuradora, unha fábrica de fertilizantes e unha planta de coxeración eléctrica.

A Cooperativa moito tivo que ver na modernización das estruturas productivas da zona.

Outros sectores que merecen mención son: o metalomecánico, a alimentación, os derivados de madeira e recentemente o textil.

1.2.2.6. Comercio

Cínguese á vila, onde tamén se celebra unha feira todos os domingos do ano. A oferta comprende alimentación, calzados, textil, maquinaria agrícola, etc. Este sector (terciario) representa un 33% da poboación ocupada e consta dun total de 523 negocios.

1.2.3. Sinopse histórica

A característica fundamental de Negreira ao longo da súa historia é o carácter eminentemente rural dos seus habitantes que, desde tempo inmemorial, tiveron na agricultura e na gandaría o seu medio de vida. A división das *villae* romanas, segundo algún investigadores, ou dos feudos, segundo outros, deu lugar a unha atomización da propiedade, ao igual que no resto de Galicia, que practicamente até comezos do século XX permitiu, ademais de pagar as rendas, a supervivencia da poboación rural.

Como consecuencia da grave crise de subsistencia a partir do ano 1853 produciuse tamén en Negreira una xeralización da emigración, fenómeno este que se intensificou a comezos do século XX cara a América e a partir do deradeiro terzo de dito século aos países de Europa e outras comunidades do Estado. Este fenómeno, ademais de xerar un importante fluxo económico cara á nosa comarca e actuar como importante motor de cambio tamén tivo a súa vertente negativa pola desestruturación que provocou en moitos casos no ámbito familiar.

A vila de Negreira, na actualidade o maior núcleo de poboación de entre os 92 que conforman o termo municipal, pouca importancia tivo ata o século XVIII; coa creación dunha feira, en 1717 diante do Pazo de Cotón comeza a constituírse nun centro de atracción da poboación labrega, continuando o seo afianzamento como cabeceira municipal e de comarca a finais do século XIX como consecuencia da creación do Xulgado de 1ª Instancia e a fixación da cabeceira municipal que anteriormente estaba en Aro. Foron os emigrantes retornados de América e logo de Europa os que ao instalarse na Vila deron lugar a un importante crecemento urbanístico da mesma.

A comezos do século XX o concello de Negreira viviu un período de dinamismo social coa

proliferación da vida asociativa – sociedades agrícolas e comerciais – publicacións diversas, construción de escolas de emigrantes, etc. Pero todo este pulo quedou cortado pola ditadura militar, non sendo até comezos da década dos cincuenta cando empeza a producirse unha transformación no campo. Como consecuencia da introdución de novas técnicas de cultivo e ensilado, progresiva mecanización, concentración parcelaria e vías de comunicación, nacemento do cooperativismo, dinamización parroquial e mellora das explotacións cos recursos procedentes da emigración.

Na actualidade estase a producir un desprazamento da poboación dende a zona rural cara Vila e cidades próximas e o abandono progresivo da agricultura e gandería por parte dos máis novos cara outros sectores produtivos.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario Xulián Magariños de Negreira, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

1.3. Noia

1.3.1. Sociedade e economía

A vila de Noia, que conta con 14.271 habitantes, é o punto de referencia socio-económico e cultural de toda a comarca. A súa poboación dedícase maioritariamente ao sector terciario, que é o maior xerador económico da vila, actuando esta como centro comarcal de comercio e servizos a onde acode a poboación dos concellos próximos para abastecerse de produtos básicos e especializados. Os días de maior afluencia son os xoves e os domingos, que son días de mercado, e hai feiras quincenais o 1º e 3º domingo de cada mes.

O resto da poboación distribúese entre os sectores secundario, que reúne a pequena e mediana industria existente e á construción, e primario, que se reparte entre a agricultura e a pesca, sendo o mar e as actividades con el relacionadas o que sostén case todo o peso deste sector, xa que a actividade propiamente agrícola ten un papel case testemuñal.

O concello de Lousame, coñecido tempos atrás pola actividade mineira, ten unha poboación dispersa en moitos núcleos pequenos (3.386 habitantes en 93 km de superficie) e depende case exclusivamente do sector primario: actividade agrícola-gandeira e sector forestal.

A zona norte do concello de Outes, da que esta sección recibe alumnos, depende economicamente do sector primario, notándose estes últimos anos un aumento da sector de servizos na capital do concello (A Serra).

1.3.2. Cultura

1.3.2.1 Espazos culturais

Aínda que Noia conta con algún que outro espazo cultural e programacións anuais de

espectáculos, mostras ou ciclos, destácase a falta de espazos (galerías, museos, e mostras) e iniciativas para abranguer a pluralidade de artistas locais e dar de coñecer a grande diversidade das súas creacións.

1.3.2.2. Programas culturais municipais

O Concello de Noia ofrece un cartel variado de actividades culturais ao longo do ano: teatro, música, exposicións, obradoiros e literatura. Algúns das mais destacadas son a Exposición permanente de Laudas Sepulcrais na Igrexa de Santa María "A Nova", o ciclo anual de teatro e cine, e a programación cultural "Noia Rúa Vivas" (concertos, música, teatro, monologuistas e actividades para nenos).

1.3.2.3. Centros socioculturais

A cidade dispón de catro centros socioculturais: a casa da xuventude, a sociedade cultural e recreativo "Liceo", a Casa da Cultura Antón Avilés de Taramancos, e o Teatro Coliseo Noela, sendo estes últimos dous o foco cultural de Noia. A Casa da Cultura conta con Salón de Actos e Sala de Exposicións. Funciona tamén como punto informativo cultural e turístico. O Teatro Coliseo Noela conta con auditorio con capacidade para 342 persoas, no que se poden proxectar películas de cine ou desenvolver obras de teatro. Tamén ten unha sala de exposicións.

1.3.2.4. Bibliotecas: Noia conta cunha biblioteca municipal.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar de Noia, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

1.4. Ordes

1.4.1. Contorno no que se atopa o centro

O Concello de Ordes está situado a medio camiño entre as cidades da Coruña e Santiago. É o centro dunha bisbarra formada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo. Na actualidade ten 12.632 habitantes, practicamente o mesmo número que en 1990. Nos anos seguintes a poboación descendeu sensiblemente para volver incrementarse nos últimos anos grazas, sobre todo, á chegada de inmigrantes.

Os principais países de procedencia da poboación inmigrante sen nacionalidade española son: Marrocos-73; Colombia-60; Arxentina-30; Portugal-29; Venezuela-28; Brasil-28; Perú-19; Romanía-19; Italia-14; Polonia-12; Uruguai-10; Bolivia-9; Outros-56). Estas cifras acrécentanse considerabelmente se se inclúe a poboación estranxeira que xa ten nacionalidade española.

1.4.2. Economía

Algo máis do 40% da poboación activa está dedicada ó sector primario.

As actividades industriais concéntranse no núcleo urbano de Ordes. Destaca o sector téxtil por volume de facturación e por número de postos de traballo que están ocupados maioritariamente por mulleres. Outro sector destacado é o das empresas de transformados metálicos e carpintarías de aluminio.

O incremento de poboación no núcleo urbano de Ordes facilitou o aumento de pequenas industrias que absorben certa parte do emprego masculino local (industria mecánica e de reparación, talleres de carpintería, etc).

Por último está o sector servizos: hostalaría e restauración, actividades comerciais, construción, transporte de mercadorías e servizos profesionais.

Á vista destes datos pódese deducir que non se trata dun concello especialmente desenvolvido, senón cun certo estancamento demográfico e económico e sen expectativas de cambios importantes nun futuro próximo.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario nº 1 de Ordes, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

1.5. Ribeira

1.5.1. Sociedade e economía

A sección de Ribeira está situada na vila de Santa Uxía de Ribeira, na costa oeste da provincial da Coruña, na comarca do Barbanza. Ten unha superficie de 68,83 km² e unha poboación, segundo datos do 2012, de 27.067 habitantes.

Limita cos concellos de Pobra do Caramiñal e Porto do Son, e é un dos portos pesqueiros de baixura máis relevantes da provincia e mesmo de Europa. Ademais tamén se procesan túnidos nas súas empresas conserveiras, que dan emprego a unha gran parte da poboación. Ofrece servizos administrativos básicos coma a delegación comarcal de Facenda e tres xulgados de Primeira Instancia e Instrución e conta cun hospital, centros de saúde, conservatorio de música e numerosos centros educativos.

O concello está dividido administrativamente en nove parroquias: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Riveira. No plano natural, conta con importantes praias e infraestruturas que atraen a turismo, tanto galego como foráneo, e que tamén xera emprego, sobre todo nos meses de verán.

1.5.2. Cultura e educación

No tocante ao plano cultural, hai numerosas asociacións, de índole veciñal, social, deportivo e xuvenil, máis é no ámbito da cultura onde máis prolifera o asociacionismo, en campos coma a música e o baile, a arte, o teatro ou a literatura. Quizais a que máis impacto teña na sección da

EOI sexa a Asociación Cultural Barbantia, debido a que varios dos seus integrantes son profesores no IES e tamén alumnos da EOI.

No ámbito educativo, existen numerosos centros de ensino: 2 escolas de educación infantil (Capela Carreira e Deán Grande), 2 centros educativos plurilingües (Carreira, O Grupo), 4 CEIPs (Oliveira, Plurilingüe de Artes, Palmeira e Aguiño), 1 CIEP (Plurilingüe de Frións), 1 CPR (Plurilingüe La Milagrosa), 3 colexios privados ou concertados (Colexio Bayón, Colexio Sagrado Corazón de Jesús de Castiñeiras e CPR Galaxia), 1 CIFP (Coroso), a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira e 2 IES, o Leliadoura e o Número 1 de Ribeira.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario nº 1 de Ribeira, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

2. Obxectivos da escola para dar resposta ás necesidades do seu contorno, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da escola, e as prioridades de actuación.

Para dar resposta ás necesidades e demandas de coñecemento, formación, capacitación e certificación no uso de linguas, a nosa escola dispón dunha oferta educativa completa e flexíbel (véxase punto 5), adaptada ás necesidades estruturais pero tamén conxunturais, sempre dentro do marco normativo e suxeita á dispoñibilidade de persoal e espazo que dispoña a administración educativa galega, e consonte os seguintes **obxectivos**:

A) Obxectivos do centro

- Promover un centro activo en que se fomente e apoie a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa na vida e goberno do mesmo.
- Impulsar o funcionamento dos órganos de goberno e coordinación de forma dinámica e eficaz, favorecendo a reflexión, o consenso e o respecto na toma de decisións e outorgando ao mesmo tempo aos diferentes órganos de goberno, unipersoais e colexiados, a autonomía precisa.
- Organizar e xestionar un centro público de aprendizaxe de linguas modernas avanzado e eficiente, en que a planificación e optimización dos recursos humanos e materiais estea á disposición dunha oferta educativa ampla e axustada aos intereses e demandas sociais, que, a día de hoxe, apunta a necesidade de formación en linguas estranxeiras ao grande número de desempregados que ven no dominio de idiomas unha importante ferramenta para conseguiren un traballo, quer no ámbito local quer no exterior incorporando os cambios tecnolóxicos.
- Impulsar a participación de todo o persoal en actividades que favorezan a súa formación e fomentar a incorporación ao centro de programas institucionais, de ámbito galego, estatal e europeo, e proxectos de innovación pedagóxica e de mellora continua.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres a través de medidas inclusivas,

colaborativas e non discriminatorias.

B) Obxectivos de xestión

- Fomentar unha xestión eficaz e transparente en que participen e debatan todos os sectores integrantes da comunidade escolar, empregando os canles establecidos para este fin, estudando as prioridades e facendo públicas as decisións tomadas.
- Impulsar a eficacia, a rapidez e a axilidade na consecución de todos os procesos administrativos e de xestión do centro, facilitando deste xeito calquer trámite tanto ao alumnado como ao persoal do centro.
- Procurar a mellora continua do funcionamento das canles de comunicación existentes para favorecer a difusión da información do centro, tanto da recibida como da xerada.
- Facilitar á comunidade educativa toda a información sobre os seus deberes e dereitos.
- Manter a xestión académica e administrativa informatizada.

C) Obxectivos humanos e de recursos

- Fomentar as vías e hábitos de participación e integración dos diferentes sectores da comunidade escolar empregando as canles establecidas para estes efectos e propiciar un clima de traballo agradable e cordial en que se favoreza sempre o respecto mútuo e o diálogo como o mellor instrumento para solucionar conflitos.
- Consolidar a participación dos integrantes dos diferentes colectivos en cursos ou calquer outro tipo de actividade de formación permanente que repercuta positivamente na calidade e atención do seu traballo, ao mesmo tempo que faciliten unha atmosfera axeitada para consolidar a actualización e renovación continuas dos profesionais que traballan no noso centro. Favorecer o intercambio de técnicas, ideas e metodoloxía sobre as novas tecnoloxías entre o persoal do centro.
- Manter un calendario de actividades culturais e de promoción do idioma que contribúa ao enriquecemento da vida escolar e que fomente unha dimensión máis humana, amena e participativa no centro, favorecendo a participación do alumnado nas mesmas. En dito calendario poderase incluír calquera actividade axeitada en colaboración con outras institucións e organismos da contorna.
- Optimizar o uso das instalacións, os recursos e a tecnoloxía existentes no centro tendendo a estender ao máximo a súa utilización e racionalización e a promover a reciclaxe de materiais diversos, priorizando en todo momento a renovación e ampliación tecnolóxica de ditos medios para logramos un centro moderno e eficaz no ensino e aprendizaxe de idiomas.

D) Obxectivos pedagóxicos

- Desenvolver actitudes positivas cara á diversidade lingüística e o pluralismo cultural estatal, europeo e mundial.
- Sensibilizar o alumnado sobre a importancia do estudo dos idiomas modernos, para promover o seu desenvolvemento persoal, cultural, profesional e laboral.
- Capacitar o alumnado na habilidade e uso efectivo dos idiomas como vehículo de comunicación, tanto na súa forma falada como escrita, dando prioridade ao “uso

pragmático” da lingua, tal e como se indica no Marco Común Europeo de Referencia e na normativa estatal e galega ao respecto, de maneira que lles permita levar a cabo calquera función comunicativa á que se enfronden de xeito satisfactorio e eficaz.

- Fomentar o coñecemento da realidade xeográfica, histórica, económica, social, cultural e institucional dos territorios cuxa(s) lingua(s) se estuda(n).
- Desenvolver estratexias comunicativas en diferentes áreas de comunicación.
- Desenvolver estratexias para a aprendizaxe autónoma e continua de linguas, que poidan facilitar o uso do idioma no exercicio de actividades profesionais e noutros ámbitos da cultura ou de interese persoal.
- Potenciar o uso das TIC dentro e fóra da aula entre o alumnado e aproveitar os recursos que ofrece a internet para a autoaprendizaxe.
- Poñer a disposición do alumnado con dificultades ~~de tipo cultural, físico ou psíquico~~ os medios e adaptacións necesarias para a súa integración.

Promoción de igualdade entre mulleres e homes

Para dar cumprimento aos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, a EOI fará súas as especificacións alí recollidas relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, en especial, pola súa virtualidade nun centro como o noso, os seguintes:

- A comprensión do valor democrático da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención sen que, en caso ningún, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- O enriquecemento do contido curricular coas achegas ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- A erradicación de prexuizos no noso centro.
- Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, as docentes e os docentes no permitirán forma ningunha de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre o alumnado adolescente, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Promoción do uso da lingua galega

En canto á promoción do uso da lingua galega, e consonte o Plan xeral de normalización da lingua galega, o noso centro educativo debe participar na revalorización e uso da lingua galega en todos os ámbitos.

Consideramos que o fomento do galego nun centro como o noso ao que acoden alumnos e alumnas adultos de todas as idades é importante, por atinxir un colectivo que a miúdo se atopa afastado de calquera outro tipo de institución educativa. Así, ao mesmo tempo que damos ao galego o lugar que lle corresponde na sociedade actual, podemos fomentar un uso normalizado da lingua en persoas que tiveron experiencias educativas anteriores cando o galego ficaba relegado a un segundo plano.

Considérase moi positiva a presenza no EDLG de representantes de diferentes departamentos didácticos da EOI. Valórase moi positivamente a presenza e o entusiasmo dos/as representantes do alumnado, ao ser un dos obxectivos principais do EDLG acadar a maior implicación posíbel de todos os membros da comunidade escolar.

No que se refire ao primeiro obxectivo concreto —a visualización da lingua galega no centro— cómpre destacar que a Escola Oficial de Idiomas xa ten moito camiño andado: está en galego toda a documentación administrativa do Centro, o rotulado, as comunicacións escritas co alumnado e con outras institucións e a páxina web; todas as reunións e actividades organizadas polo equipo directivo desenvólvense en galego (reunións do claustro e do Consello Escolar, reunións informativas, actividades extraescolares...); e o galego é, en xeral, a primeira lingua de relación co alumnado por parte do persoal non docente.

No entanto, aínda existen campos nos que podemos actuar, sobre todo no que se refire á comunicación oral e escrita por parte do profesorado, tanto cos outros e coas outras docentes, como co alumnado; en moitos casos, a lingua de apoio na aula, cando non se utiliza a lingua de ensino, e a lingua de relación fóra da aula (titorías, actividades extraescolares...) é o castelán. Certos recursos electrónicos de recente adquisición tamén aínda fican por galeguizar.

O contexto sociolingüístico do Centro

Segundo o plan de mellora do centro, elaborouse unha nova enquisa co fin de actualizar a análise sociolingüística, que se realizou durante o ano lectivo 2013-2014.

Analizáronse os puntos fortes e os puntos fracos en canto á galeguización do centro, a docencia, á formación de adultos, a transmisión familiar, etc.

En relación co inquérito anterior (2004-2005), obsérvase unha baixada do castelán como lingua inicial: 44% (2004-5) fronte ao 28,8% en 2014.

Os resultados da Enquisa sociolingüística do centro mostra a predominio do galego ou de usos bilingües especialmente no alumnado residente no medio rural, mentres que o monolingüismo en castelán é maior entre a poboación máis nova así como no colectivo de estudantes.

Tamén hai que resaltar o predominio do castelán nos hábitos lectores chegando a un 67,2%, aínda que na práctica escrita baixa a 42,8% no traballo.

En canto á atitude cara ao galego, é predominantemente positiva xa que para un 89,7% o tema da lingua é importante.

[Nesta ligazón](#) pódese consultar o informe completo sobre os datos que proporcionou a enquisa.

3. Medidas e recursos de organización e xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.

Para acadar os obxectivos previstos, o noso centro conta con dous tipos de recursos: dunha banda, os recursos humanos, constituídos polo alumnado, o profesorado, o equipo directivo e o persoal non docente; e doutra, os recursos materiais, constituídos polas propias instalacións, o equipamento do centro e as achegas económicas da Consellaría para gastos de funcionamento. Contando con todos eles, a escola establece as seguintes medidas e liñas prioritarias para a consecución dos obxectivos establecidos previamente:

No espazo administrativo

- Potenciar as estruturas verticais e horizontais existentes no claustro, departamentos didácticos e comisión de coordinación pedagóxica por medio da planificación de reunións periódicas coas distintas estruturas.
- Ordenar o réxime administrativo da escola por medio da elaboración dun programa anual de xestión que recolla a planificación da actividade administrativa, a elaboración dun manual de procedementos de consulta rápida, o establecemento dun reparto de tarefas preciso e ben delimitado entre o persoal administrativo e o afianzamento do reparto de tarefas entre o persoal subalterno.
- Reordenar e mellorar o arquivo de certificacións de nivel e outras e establecer un protocolo diferenciado para a sinatura e entrega das mesmas.

No espazo de innovación

- Diseñar un plano de impulso á motivación do alumnado fóra da aula.
- Elaborar un plano de mellora da calidade continua.
- Impulsar un plano de avaliación de suspensos e abandono de estudos, en especial no alumnado dos primeiros cursos.
- Impulsar a aplicación das novas tecnoloxías da educación no ensino e aprendizaxe de linguas, mellorando a autonomía e capacidade de autoaprendizaxe do alumnado e xeralizando a avaliación formativa.
- Elaborar e pór en práctica un plano de innovación e investigación educativa e formación do profesorado, con actividades que versen, principalmente, sobre temas relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación (ensinanza en liña, elaboración de materiais de aprendizaxe multimedia, emprego do encerado dixital) e outros que sexan de interese do profesorado na mellora da súa práctica docente e co

obxectivo posto na calidade e excelencia docentes e, así mesmo, un plano de programas europeos.

- Crear bancos de materiais didácticos compartidos, elaborados polo profesorado con recursos materiais e humanos da escola, para potenciar o traballo en equipo e a coordinación entre cursos e niveis.

No espazo da integración

- Crear ámbitos de colaboración no consello escolar e o claustro que faciliten a toma de decisións participativas tocante á toma de decisións ou á elaboración e/ou revisión dos documentos do centro.
- Potenciar a comunicación interior e exterior optimizando en todo momento as posibilidades que ofrece a páxina web e das redes sociais.

No espazo executivo

- Elaborar e/ou revisar os documentos do centro.
- Controlar o seguimento dos acordos tomados nos distintos momentos e documentos.
- Revisar e actualizar o inventario, tanto o xeral do centro, como o dos departamentos, recolocando os recursos se for preciso.
- Manter ao día a catalogación do material bibliográfico da biblioteca e promover a coordinación das persoas encargadas da biblioteca co profesorado con horario na mesma. Organizar sesións informativas sobre o proceso de catalogación. Empregar os diferentes recursos para divulgar a información.
- Facer seguimento dos resultados académicos despois de cada período de avaliación.
- Elaborar un plano de avaliación interna da escola para ter un mellor coñecemento do proceso educativo e propiciar a reflexión sobre a actividade docente e o servizo ofrecido. Axudar a establecer as pautas que se deben seguir para mellorar a calidade.
- Alén de supervisar a organización de actividades culturais e de promoción de idioma dos distintos departamentos, fomentar a participación do profesorado e alumnado en ditas actividades e coordinar o deseño dun plano de actividades interculturais que impliquen todos os idiomas que se imparten na escola, seguindo as directrices marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Medidas para a atención á diversidade

A atención á diversidade é o conxunto de accións educativas que tentan dar resposta ás necesidades dos alumnos do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica por mor de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso das EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de dificultade física ou sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición), psíquica, comportamental, emocional ou social. Cómpre ter en conta que

tamén podemos atoparnos con alumnado con altas capacidades intelectuais, talento, trastornos de conduta, dislexia, dispraxia, trastornos xeneralizados do desenvolvemento, de aprendizaxe ou influencias multiculturais, polo que haberá que ter en conta o establecido no [DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia](#)

Alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma

As probas de clasificación e os sistemas de acceso directo deberían asegurar unha homoxeneización dentro dos mesmos cursos en canto ao nivel. Porén, parte do alumnado non realiza as primeiras e, no tocante aos segundos, as titulacións e certificados que dan acceso a un determinado curso son diversas en canto a nivel, e a isto hai que engadir a diversidade derivada do tempo que haxa que a persoa cursou eses estudos.

Cómpre realizar actividades de ampliación e reforzo sempre que for necesario. A inclusión de actividades de reforzo dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra.

Tamén no traballo para a casa é importante programar actividades de reforzo, para proporcionarlles aos alumnos con menor competencia práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e actividades de ampliación, para que o alumnado máis avanzado continúe a progresar.

A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente.

Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)

Deberase atender o alumnado con necesidades educativas especiais facendo as adaptacións necesarias co fin de compensar as dificultades que teñan para alcanzar os obxectivos. Estas adecuacións establécenas os distintos órganos da comunidade educativa. En xeral, tratarase de que o alumnado con calquera tipo de NEE se sinta totalmente incluído.

A organización, aplicación e avaliación das probas, así como a actividade lectiva, basearase no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, e aplicaranse aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado, consonte ás indicacións que se propoñan por parte do equipo de orientación provincial.

Medidas para promover o uso da lingua galega

Na contorna do Centro.

- Visualización da lingua galega no Centro e no seu contorno, tanto nos usos orais como escritos (carteis informativos das actividades nas Facultades do campus universitario próxima, folletos, relacións cos Centros Socioculturais e intervencións radiofónicas).

No profesorado

- Fomentar o uso do galego nas relacións co alumnado e entre profesorado.
- Ampliar coñecementos ao redor da lingua galega e as novas tecnoloxías.
- Ampliar coñecementos ao redor da cultura e lingua galega (música).
- Fomentar a creación artística en lingua galega.
- Desactivar os prexuízos lingüísticos que existen en contra do galego.

No alumnado

- Fomentar o uso do galego nas relacións co profesorado e entre o alumnado.
- Ampliar coñecementos ao redor da lingua galega e as novas tecnoloxías
- Ampliar coñecementos ao redor da cultura e lingua galega (música).
- Fomentar a creación artística en lingua galega.
- Desactivar os prexuízos lingüísticos que existen en contra do galego.

4. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos

O noso centro pretende ser unha institución aberta á colaboración e cooperación con outras institucións, organismos ou entidades que redunden na mellora da formación do persoal e o alumnado do centro, que ofrezan posibilidades de difusión e/ou participación en actividades culturais ou de promoción de idiomas, e que, en definitiva, poidan repercutir positivamente á hora de cumprir os obxectivos previstos neste proxecto educativo. Entre eles:

-A Consellaría, a Xefatura Territorial e o servizo de Inspección Educativa.

-A secretaría xeral de Cultura.

-A secretaría xeral de Política Lingüística.

-O Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

-A Deputación Provincial da Coruña.

-O Concello de Santiago, que conta cun representante no consello escolar do centro, e os concellos onde están situadas as seccións.

-As universidades galegas, moi nomeadamente a Universidade de Santiago de Compostela.

- A Universidade do Minho.
- O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).
- As demais escolas oficiais de idiomas galegas e do Estado.
- Os institutos de ensino secundario da cidade e a comarca, moi especialmente os que acollen as seccións da nosa escola: IES Xulián Magariños (Negreira), IES Virxe do Mar (Noia), IES nº 1 (Ordes), IES nº1 (Ribeira) e IES do Sar (Santiago de Compostela).
- Os Centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza.
- O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.
- A Asociación de Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (APEOIGA).
- A Federación Estatal de Asociacións de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas.
- Centros e institucións europeas cos que participamos en programas educativos europeos.
- O Centro Dramático Galego.
- O Auditorio de Galicia
- O Instituto Camões.
- O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal
- Centros socioculturais, especialmente o de Vite e os próximos ás seccións.
- Bibliotecas de Santiago e das vilas onde están situadas as seccións.
- Medios de comunicación local, comarcal, galegos e portugueses.

5. Oferta formativa

5.1. Cursos ordinarios de alemán, español, francés, galego, inglés, italiano e portugués.

O plan de estudos de alemán articúlase en tres niveis e 7 cursos:

- a) Nivel básico A1: un curso

- b) Nivel básico A2: un curso
- c) Nivel intermedio B1: dous cursos (B1.1. e B1.2)
- d) Nivel intermedio B2: un curso
- e) Nivel avanzado C1: dous cursos (C1.1. e C1.2)
- f) Nivel avanzado C2: un curso

O plan de estudos de francés, inglés e italiano artículase en tres niveis e 7 cursos.

- a) Nivel básico A1: un curso
- b) Nivel básico A2: un curso. En inglés e italiano, tamén é posible facer os niveis A1 e A2 nun só curso.
- c) Nivel intermedio B1: un curso
- d) Nivel intermedio B2: dous cursos (B2.1. e B2.2)
- e) Nivel avanzado C1: dous cursos (C1.1. e C1.2)
- f) Nivel avanzado C2: un curso. O nivel C2 impártese en francés e inglés.

O plan de estudos de galego, español e portugués artículase en tres niveis e 5 cursos:

- a) Nivel básico A2: un curso
- b) Nivel intermedio B1: un curso
- c) Nivel intermedio B2: un curso
- d) Nivel avanzado C1: un curso. O nivel C1 impártese en galego e portugués.
- e) Nivel avanzado C2: un curso. nivel C2 impártese en galego.

Ao rematar cada nivel o alumnado obtén o certificado do nivel do [Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas \(MECRL\)](#) correspondete:

- Nivel básico A1: certificado de nivel básico A1.
- Nivel básico A2: certificado de nivel básico A2.
- Nivel intermedio B1: certificado de nivel intermedio B1.
- Nivel intermedio B2: certificado de nivel intermedio B2.
- Nivel avanzado C1: certificado de nivel avanzado C1.
- Nivel avanzado C2: certificado de nivel avanzado C2.

Os cursos ordinarios poden ser:

- anuais: 120 horas de duración, de setembro a xuño, repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas.
- intensivos: 120 horas de duración, de setembro a febreiro ou de febreiro a xuño. Teñen 8 horas de clase semanais e permiten completar dous cursos dun mesmo nivel nun curso académico.

5.2. Cursos de formación, actualización e especialización lingüística para o profesorado, organizados en colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación ([CAFI](#)). A oferta de cursos varía cada ano .

5.3. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral: cursos monográficos de

galego, organizados en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (linguaxe administrativa galega de niveis medio e superior, cursos preparatorios para examinarse dos certificados de lingua galega (CELGA)), cursos monográficos dirixidos a profesionais de diversos sectores.

5.4. Ensinanza semipresencial. A EOI de Santiago é centro de apoio titorial do programa That's English, que permite estudar inglés a distancia.

5.5. Cursos de formación do profesorado europeo. No mes de xullo, ofrécense estes cursos de formación impartidos por profesorado do centro para outros profesionais europeos, no marco da acción KA1 do programa Erasmus+.

5.6. Alumnado libre. Existe a posibilidade de obter os certificados de todas as linguas e niveis que se imparten no centro pola modalidade libre realizando as probas que se convocan anualmente.

5.7. Validez das titulacións das EOI

As certificacións que expiden as EOI son titulacións de recoñecido prestixio no mundo laboral e profesional. Son as únicas titulacións oficiais válidas en todo o territorio español, expedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e polas comunidades autónomas con competencias educativas nas que se certifica o dominio dun nivel de competencia lingüística dunha lingua estranxeira ou das diferentes linguas autonómicas.

Estas certificacións son recoñecidas por distintos organismos oficiais como:

- créditos de libre configuración nas universidades galegas
- horas de formación para funcionarios de Galicia e das diferentes comunidades autónomas
- horas de formación permanente para o profesorado (sexenios, concursos, concesións de bolsas, intercambios, proxectos europeos...), (Orde do 1 de marzo de 2007, DOG do 14 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- méritos en concursos de traslados para funcionarios de Galicia e das diferentes comunidades autónomas do Estado español
- méritos na fase de concurso-oposición para o acceso á función pública en territorio español
- habilitación para impartir especialidades de linguas en educación primaria para funcionarios de carreira, segundo a Orde do 10 de abril de 1992 (DOG do 24 de abril).

6. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe de idiomas na EOI de Santiago de Compostela, que asemade guiarán os criterios de selección de material didáctico, serán os seguintes:

- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o multiculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo. Deben aproveitarse os coñecementos doutras linguas para mellorar a competencia na lingua que se está a aprender, salientando as similitudes e diverxencias.
- A aprendizaxe centrada no alumnado e nas súas necesidades e a avaliación formativa. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posible dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do grupo); identificando os seus coñecementos previos para activalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación.
- O estímulo da capacidade de aprender a aprender e o fomento da autonomía na aprendizaxe, da autoaprendizaxe e das condicións que permiten o seu desenvolvemento para aprender ao longo da vida.
- A realización de tarefas e a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo.
- A reflexión do docente (individualmente e en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.
- A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula, elixindo aquelas que favorezan a realización de actividades de comunicación que garantan a cohesión de grupo, a interacción e a motivación de cara á aprendizaxe significativa. Ademais, teranse en conta outros espazos de socialización e aprendizaxe distintos da aula, dentro da escola (salón de actos e aula de informática, laboratorio, cafetería e sala de estudo...) e fóra dela (a través de excursións, intercambios...).
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese, de confianza e motivación dentro e fóra da aula.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas, e que será obxecto dun apartado específico nas programacións dos departamentos respectivos.
- A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe; e da clase como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.

7. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.

7.1 Elaboración

As programacións didácticas son o instrumento de planificación curricular específico de cada departamento para cada un dos cursos das ensinanzas que se imparten na EOI e serán elaboradas tendo en conta os principios democráticos de igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de raza, orixe, nacionalidade, cultura, lingua, relixión, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Todas as programacións deberán recoller medidas de atención ao alumnado con dificultades de tipo cultural, físico ou psíquico para facilitar a súa integración, segundo o marco legal establecido, e deberán fomentar a prevención de conflitos entre os membros da comunidade educativa e incluír obxectivos e actividades que favorezan a convivencia.

En calquera caso, as programacións didácticas incluírán, cando menos, os seguintes aspectos:

- a. Os obxectivos de cada un dos cursos que imparte o departamento.
- b. Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos cursos.
- c. Os criterios de avaliación de cada curso, especificando os mínimos esixibles para superar os cursos dentro de cada nivel.
- d. As directrices para a elaboración das probas parciais de progreso e as probas finais de promoción.
- e. Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- f. Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.
- g. O enfoque metodolóxico.
- h. Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e da comunicación, os materiais curriculares e os libros de texto para uso do alumnado.
- i. As liñas de atención á diversidade.
- j. As directrices para crear, organizar e manter o banco de materiais do departamento.
- k. As actividades culturais e de promoción do idioma programadas polo departamento.
- l. Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica.
- m. Os procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.
- n. Os procedementos para identificar e canalizar as necesidades de formación do profesorado do departamento.

No prazo establecido na Orde que desenvolve o Decreto 189/2010 os departamentos

didácticos elaborarán as correspondentes programacións, usando un formato unificado que lles será facilitado pola xefatura de estudos. A súa elaboración será realizada en sesións de traballo de equipo polo departamento, seguindo as directrices propostas pola comisión de coordinación pedagóxica e as establecidas neste proxecto educativo. Unha vez oídas as propostas das distintas coordinacións de departamento e, cos restantes membros deste, a xefatura de departamento redactará a programación didáctica, debendo tender á claridade na súa exposición e evitar unha redacción escura ou ambigua.

Tras o seu informe e aprobación polo claustro docente, como parte da programación xeral anual, as programacións estarán a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web e nos correspondentes departamentos didácticos.

7.2 Seguimento

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen.

Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis a partir do proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación dos obxectivos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada curso.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais do alumnado nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

Avaliación dos contidos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do/da estudante.

Avaliación do conxunto da experiencia educativa

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas do alumnado.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.

Avaliación dos recursos didácticos

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado-alumnado.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non creados con fins didácticos do tipo de trípticos, xornais, folletos, etc.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten exercitar diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.

- Se estimulan a participación activa do/da estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se a/o estudante colabora dalgún xeito na súa escola.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a revisión da programación dun ano escolar para o seguinte, para reformular aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

- Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
- Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria deberán terse en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
- Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a súa opinión respecto da adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.
- Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto do número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

8. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e promoción de idiomas.

Correspóndelle á persoa coordinadora de actividades culturais e de promoción de idioma deseñar e elaborar o programa anual das actividades comúns a todos os idiomas para o que se terán en conta as propostas dos distintos sectores da comunidade educativa e as directrices específicas elaboradas pola comisión de coordinación pedagóxica;

Á hora do deseño e realización de actividades culturais e de promoción de idioma priorizaranse aquelas que teñan un maior impacto na mellora das competencias comunicativas na lingua obxecto de estudo e se desenvolvan nun contexto de máxima inmersión lingüística e que poidan dirixirse a un maior número de alumnado posíbel. Así mesmo, atenderase sempre o principio de racionalidade e eficiencia no gasto e fomentaranse as que teñan un carácter

multilingüe e multicultural.

A todas as actividades culturais e de promoción do idioma daráselle a maior difusión posíbel, tanto a través da páxina web, como nas redes sociais, cartelaría nos lugares do centro habilitados para tal fin ou por medio de notas de prensa, segundo as instrucións dictadas pola vicedirección.

Xunto a estas actividades culturais e de promoción de idiomas con cargo aos fondos propios, potenciarase a participación nos programas educativos europeos.

9. Directrices xerais para o funcionamento adecuado das titorías

De acordo co regulamento orgánico das EOI, cada profesor/a será responsábel da titoría do alumnado matriculado nos cursos en que imparte docencia. En dito regulamento recóllense as funcións propias da titoría, entre as cales non está a de reforzo de prácticas orais, nin de ningunha destreza, quer lingüística quer comunicativa, nin individualizadas nin en grupo.

O profesorado debe dedicar 1 hora presencial ás titorías, nas franxas horarias máis convenientes para o alumnado, tendo en conta o seu horario de clase. Nesa hora, o/a titor/-a deberá permanecer no centro.

A resposta ás consultas do alumnado poderá facerse de forma presencial ou ben a través do correo electrónico ou por vía telefónica no horario fixado por cada profesor/a para a atención ao alumnado dos seus grupos.

O alumnado libre non conta con este dereito de atención. A información necesaria pódena atopar publicada na web do centro.

10. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial.

Parte do noso alumnado está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinabilidade. Máis especificamente, internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

10.1. Obxectivos xerais para a utilización das TIC

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintos departamentos en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso ás ferramentas TIC por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas programacións.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

10.2. Medidas concretas para a utilización das TIC

- favorecer o uso de redes sociais (facebook, twitter, instagram, etc) e da *web* como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción /

intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *blogs*, *podcasts*, *wikis*...).

- fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (*chat*, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través de internet, co programa *Skype*, etcétera).
- favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na *web* (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través de internet) e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.
- facilitar o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais.
- fomentar o uso da plataforma google para o traballo en equipo e a coordinación docente.
- favorecer a participación do persoal docente e de administración e servizos en actividades de formación relacionados coas TIC.
- facilitar o uso e promover o coñecemento do programa Meiga da biblioteca entre os seus usuarios, así como a creación de blogs no clubes de lectura.

Para concluír, pódese salientar que as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MECR.

10.3 Recursos materiais e humanos para a utilización das TIC

Recursos humanos

Todo o cadro de persoal do centro, quer docente quer de administración e servizos, e mesmo todo o noso alumnado, fai parte e deben ser elementos activos dos recursos humanos para a utilización das TIC da nosa escola, cadaquén no seu ámbito e segundo a súa función, para podermos cumprir os obxectivos xerais e as medidas concretas que recolleemos nos epígrafes anteriores.

As persoas e ámbitos de responsabilidade responsábeis de levar adiante este plano de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación son os que se especifican a seguir:

Correspóndelle á **vice dirección**, por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión do sitio web da escola; coordinar o equipo de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e biblioteca; e; impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e os espazos de autoaprendizaxe.

A persoa que ocupa a **secretaría** do centro é responsábel, por delegación da dirección, de establecer mecanismos de xestión da correspondencia electrónica da escola, derivando a súa resposta a quen corresponda.

É función e obriga dos **departamentos didácticos** participar na elaboración dun banco de

actividades didácticas do seu departamento e colaborar co equipo de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e biblioteca para o adecuado cumprimento das funcións deste.

É función e obriga das **persoas coordinadoras de curso** responsabilizarse da elaboración e arquivo dun banco de actividades do curso que coordina, segundo as directrices establecidas polo departamento.

A **persoa coordinadora das tecnoloxías da información e da comunicación de cada departamento** identificará e recompilará os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación necesarios para que o profesorado do departamento realice as actividades didácticas previstas e propor, se é o caso, a súa adquisición; dixitalizar o banco de actividades didácticas do departamento; archivar os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación do departamento e facilitar a súa utilización ao profesorado; formar parte do equipo das tecnoloxías da información e a comunicación, e de biblioteca; aquelas outras que no ámbito da súa actuación a xefatura do departamento ou a dirección lle encomenden.

A **persoa coordinadora do equipo das tecnoloxías da información e a comunicación, e biblioteca**, xestionará o mantemento e reparación dos equipos multimedia; dinamizará o uso das novas tecnoloxías na escola, establecendo un plano anual que incluíra, cando menos, sesións formativas e informativas co profesorado da escola; asesorará o profesorado na utilización dos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación; xestionará, en colaboración coa xefatura de estudos, o horario de utilización dos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e a normativa do seu uso; fará chegar á dirección suxestións sobre a adquisición de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación; colaborará coa secretaría na elaboración do inventario e na conservación dos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

Recursos materiais

A rede. O sistema informático da EOI de Santiago de Compostela está integrado en rede. Para traballar cada usuario ten configurado un *perfil* informático (espazo persoal aloxado no servidor da EOI e ao que se accede mediante un nome de usuario e un contrasinal). O encargado de configurar este perfil, administrar a rede, e outorgar privilexios nela é o coordinador do equipo TIC.

A intranet. A xefatura de estudos ten unha páxina web interna (<http://xefatura.eoi>), que abre automaticamente en cada inicio de sesión. Nela hai información actualizada sobre a vida escolar na EOI (anuncios, convocatorias, avisos importantes); ligazóns ás páxinas web máis comúns (centrosnet, correo de edu.xunta); documentación de uso habitual, como formularios para pedir permisos, etc.; ligazóns ás páxinas de información sindical e outras ligazóns de interese, coma o blog de dinamización de novas tecnoloxías da escola.

www.eoisantiago.org. A páxina web do centro é o medio tecnolóxico de transmisión da información máis importante de índole académica, cultural e legal, para profesorado e alumnado (regulacións, circulares, horarios, datas importantes no curso, ligazóns diversas, etc.) Asemade, ofrece acceso a aulas virtuais moodle que o profesorado pode pór a disposición do alumnado para fomentar a autoaprendizaxe e para compartir materiais. Desde a páxina web accédese, así mesmo, ao catálogo online da biblioteca.

Contas de correo en www.eoisantiago.org. O persoal docente do centro ten unha conta de correo coa extensión do noso servidor. É unha vía corporativa para que o alumnado se poña en contacto co profesor correspondente. Os departamentos tamén teñen as súas contas de correo corporativo, ás que só teñen acceso os xefes/as de departamento. Para a comunicación da dirección co profesorado e viceversa, farase uso das contas de correo edu.xunta.es.

A internet sen fíos. A EOI conta cunha rede de internet sen fíos (ou wi-fi) provista pola Consellería, con varios puntos de acceso polo edificio. Pódeas usar calquera persoa vencellada á Consellería de Educación mediante unha conta @edu.xunta.es (consultar co coordinador do equipo TIC). Tamén resulta moi útil para ter conexión á internet na aula. Non se pode acceder a información da rede do centro a través desta rede.

Todas as aulas están dotadas do seguinte material audiovisual: canón proxector, reprodutor DVD e computador portátil con conexión a Internet por cabo, sistema de megafonía e encerado dixital.

A “aula informática móbil”. A EOI dispón dun carro con 20 tablets que compoñen unha aula informática móbil para levar á aula. Pódese reservar para usala como tal.

Portátiles para uso do profesorado. Ademais, hai outros 3 computadores portátiles para uso do profesorado. Cómpre reservalos con antelación e seguir as normas de uso.

O computador de sobremesa iMac e o disco duro externo. Temos á disposición do profesorado un computador iMac dende o que se pode acceder ás carpetas compartidas do Servidor, recomendábel para traballar con arquivos de audio, vídeo e imaxe.

Impresoras. As impresoras da escola están en rede; isto significa que se pode imprimir nelas dende calquera computador.

Equipamento portátil: O equipamento que se relaciona está á disposición do profesorado. Nalgúns casos os aparellos están baixo custodia e hai que pedirlos (despois de reservar) a un membro da dirección ou ao coordinador do equipo TIC.

- RETROPROXECTORES (HAINOS DE CARRO NALGUNHA AULA E PORTÁTILES NA SALA DE RECURSOS)
- COMPUTADORES PORTÁTILES (3)
- CANÓN PROXECTOR PORTÁTIL
- MEMORIAS PORTÁTILES (USB)

- CÁMARA FOTOGRÁFICA DIXITAL
- CÁMARA DE VÍDEO
- GRAVADORA PROFESIONAL

Para seguir impulsando o emprego das novas tecnoloxías e a actualización de coñecementos por parte do profesorado, o centro conta cunha plataforma de formación virtual Moodle, aloxada na páxina web. Dentro do noso Moodle atópase a Aula Virtual do Equipo TIC, aloxada na plataforma Moodle da nosa web.

A través da plataforma Google Apps, fomentárase tamén o traballo colaborativo e a coordinación a través da Internet.

O calendario Google privado. Nel só pode visualizar e crear eventos o profesorado.

O calendario Google de actividades. Pode velo todo o mundo e está inserido na web.

Calendarios Google de exames. Son os que se publican na internet para consulta do alumnado.

Programa de reservas de aulas e recursos: VCRES. Dado que os espazos e recursos da EOI son moi limitados, o centro ten un programa para reservalos e así poder xestionalos e sacar o mellor partido deles.

Carga de notas en liña: centrosnet. Esta aplicación ten moitas vantaxes: para o profesorado: pode cargar as notas do alumnado desde a súa casa; para o alumnado: pode consultar as cualificacións por internet case de inmediato.

11. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola

Consonte ao recollido no Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas galegas, o noso centro realizará procesos de avaliación interna de todos os proxectos pedagóxicos, e de funcionamento e de xestión da escola como procedemento para obter a información precisa para establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade nos ámbitos que cumpra.

Toda a comunidade educativa ten o dereito e o deber de participar en ditas avaliacións, segundo lle corresponda aos órganos de goberno ou de coordinación aos que pertencen ou nos que estean representados.

A avaliación interna do centro realizarase atendéndonos á actual delimitación dos respectivos ámbitos de responsabilidades:

A **dirección** do centro promoverá e impulsará a avaliación interna da escola e establecerá na programación xeral anual un calendario que permita a súa avaliación e o seu grao de cumprimento por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo.

A **vicedirección**, por delegación da dirección, promoverá e organizará os plans de avaliación interna, coa administración e informe dunha enquisa que valore os procedementos de ensino e aprendizaxe e o funcionamento do centro por parte do alumnado, ben como o funcionamento do centro e do equipo directivo por parte do profesorado.

O **consello escolar** avaliará os proxectos educativos e de xestión, a programación xeral anual, o cumprimento das normas de organización e funcionamento e os resultados da enquisa de avaliación interna, sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente. Tamén avaliará a organización e o funcionamento xeral da escola, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

O **claustro do profesorado** avaliará o desenvolvemento do currículo nos diferentes idiomas, así como todos os aspectos docentes do proxecto educativo e da programación xeral anual e a organización e o funcionamento xeral da escola e, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, así como os resultados da enquisa de avaliación interna

Os **departamentos didácticos** farán unha avaliación continua da programación didáctica e os procesos de ensino-aprendizaxe e unha final que se plasmará nunha memoria anual e elaborarán os procedementos para realizar a avaliación interna do departamento, que se incluírán nas programacións didácticas.

A **comisión de coordinación pedagóxica** elaborará os protocolos para avaliar o resultado do desenvolvemento das programacións didácticas e do programa de potenciación da lingua galega. Así mesmo, deseñará instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e procesará e analizará a información obtida para identificar fortalezas e debilidades da escola, e poñer ao claustro as medidas de mellora, se é o caso, que corresponda.

A **persoa coordinadora do equipo de actividades culturais e de promoción de idiomas** avaliará as actividades realizadas nunha memoria que se incluírá na memoria anual da escola.

O **equipo de dinamización da lingua galega** incluírá os procedementos para realizar a súa avaliación interna no programa anual de promoción da lingua galega.

Correspóndelle á Administración Educativa realizar as avaliacións externas do centro. Neste proceso participarán e colaborarán o equipo directivo, os departamentos didácticos, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica e o consello escolar.